

COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL ACTA

Data: 10 de maio de 2021

Hora de inicio/hora de remate: 13:10h / 13:40 h

Lugar: Campus remoto Sala 20

Membros:

Pola Universidade:

-Raquel María Souto García (Xerenta)
-José González Groba (Vicexerente)
-Antonia Melón Amor
-Marta Cogolludo Fernández (secretaria)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:

-José Estévez Vázquez
-Carlos Román Lago (non asiste)
-Luis Pérez Gómez

Pola Xunta de PAS:

-Xoan M. Cebro Rodríguez
-María José Ríos Santomé
-José Manuel Sónora Abeijón

Pola Xunta de PDI:

-Generosa Fernández Manín (desculpa asistencia)
- María Montero Muñoz
-Miguel González Loureiro (non asiste)

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

-Begoña González de Prado
-Javier Lorenzo Paniagua (desculpa asistencia)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (15/10/2020)
2. Información sobre petición de gasto para Campus Camp 2021.
3. Valoración das reclamacións ás listaxes provisorias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2020.
4. Informe anticipos concedidos 2020.
5. Aprobación, se procede, da convocatoria de Axudas Fondo Social 2021 (gastos 2020).
6. Rogos e preguntas.



1. Aprobación da acta da reunión anterior (15/10/2020).

A xerenta pregunta ás/ e aos membros da Comisión se aproban a acta da sesión anterior, non habendo alegacións dáse por aprobada a acta.

2. Información sobre petición de gasto para Campus Camp 2021.

A xerenta informa que, con motivo do COVID-19, non se celebrou o Campus Camp 2020, este ano está previsto que si se celebre, polo que solicitan un gasto de 3.854,70€ para 2021. A Comisión acorda aprobar a solicitude de gasto.

3. Valoración das reclamacións ás listaxes provisorias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2020.

A secretaria da Comisión da traslado de 4 incidencias, a primeira relativa a estudos dun curso de ciclo medio que non foi rematado por baixa da matrícula, a comisión se ratifica na causa de exclusión "os estudos para os que solicita axuda non foron realizados (baixa na súa matrícula)".

No caso das 3 incidencias na que os/as interesados/as presentan solicitude de gastos de gafas de sol, despois de revisar os informes médicos aportados, a comisión se ratifica nas causas de exclusión xa que os informes médicos aportados non xustifican a súa necesidade.

A xerenta manifesta que na próxima convocatoria se inclúa expresamente que os gastos de gafas de sol estean excluídos, a non ser que, o informe médico do facultativo da Seguridade Social ou Mutualidade correspondente, expresamente xustifique a súa necesidade.

4. Informe anticipos 2020.

A xefa do sección de retribucións presenta o informe e non hai preguntas relativas ao mesmo.

5. Aprobación da convocatoria 2021.

A xerenta informa á Comisión de que se presenta o borrador da nova convocatoria (xunto cos Anexos I e II) que é igual que a convocatoria de acción social anterior e que se xestionará a través de sede electrónica. Para axilizar o procedemento, e xa que non se recibiu ningunha proposta por parte das/os membros da Comisión ao borrador presentado, a Xerencia propón que quede aprobada nos mesmos termos que a anterior e reitera o indicado no punto 3 relativo a gafas de sol.



Begoña González pide se se poden incluír axudas para coidadores de familiares debido ao COVID_19 , a xerenta indica que entende que non ten cabida nesta convocatoria e nesta administración pública axudas para gastos COVID_19 para contratación de coidadores.

Xan Cebro solicita incrementar os tramos de renda per cápita familiar que figuran na convocatoria de acción social 2020 na mesma porcentaxe que experimentaron as retribucións do persoal ao servizo do sector público - 0.9%-.

Luis Pérez manifesta que debido a que a parte social non se reuniu para poder actualizar a convocatoria, cree que será mellor para as persoas a quen representan os Comités e Xuntas de persoal poder publicar a seguinte convocatoria canto antes, para que o persoal poida acceder a elas á maior brevidade, ademais apoia a proposta de actualización que indicou Xan Cebro.

A Comisión está de acordo e a xerenta resume que a convocatoria sairá igual que a anterior, coas seguintes condicións:

- Incrementar os tramos de renda nun 0,9% e matizando
- Incluír no texto de convocatoria como gasto excluído as facturas relativas a gastos de gafas de sol, e por último,
- Que o prazo de presentación de solicitudes sexa de 15 días hábiles; que na medida do posible a convocatoria se publique a finais de xuño ou principios de xullo, e de non ser posible, no mes de setembro.

6. Rogos e preguntas.

Non habendo rogos e preguntas, dáse por finalizada a reunión.

